

## EXPEDIENTE 1695/2023

### ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL: ENXEÑEIRO/A

Sendo as 10:20 horas do día 4 de abril de 2024, nas dependencias do Viveiro de Empresas do Parque Empresarial Área 33-Silleda, reúnese o Tribunal cualificador para a celebración do segundo exercicio da oposición, coa presenza das seguintes persoas integrantes do Tribunal:

#### PRESIDENTE:

Titular.- Leopoldo Moure Dopico (Interventor Concello de Silleda)

#### SECRETARIA:

Titular.- Carmen Miranda Posse (Avogada do CIM do Concello de Silleda)

#### VOGAIS:

Titular.- Eduardo Artime Rial (Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular.- María del Mar González Estévez ( Enxeñeira de Camiños do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular.- Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL do Concello de Silleda)

Sendo as 10:30 horas do día 4 de abril de 2024, procédese ao chamamento das persoas aspirantes e a súa identificación. Non comparecen á realización da proba dúas persoas que superaron o primeiro exercicio do proceso selectivo e cuxo nome e apelidos correspóndense coas seguintes iniciais:

- OLBSM
- MLA

Unha vez situadas as persoas aspirantes na sala onde se desenvolverá o segundo exercicio da oposición –dependencias do Viveiro de Empresas do Parque Empresarial Área 33-Silleda-procédeselles a explicar os criterios de desenvolvemento do exame consonte o establecido nas Bases reguladoras do proceso selectivo, publicadas no BOPPO de data 13 de novembro de 2023.

O exercicio consistirá en expoñer por escrito tres temas escollidos ao chou, un de cada un dos apartados da parte específica. De cada parte o tribunal seleccionará dous temas ao chou, públicamente no momento do inicio do exame, cada aspirante escollerá un tema de cada parte.



Igualmente infórmaseselles da duración máxima da proba (4 horas).

Seguidamente procédese á extracción dos números dos temas: as persoas candidatas verifican que as bolas cos números correspondentes ao temario oficial da convocatoria estean todas incluídas. As bolas introdúcese nunha bolsa sendo unha e un aspirantes os encargados de extraer os números correspondentes.

Os temas resultantes do sorteo a desenvolver polas persoas aspirantes foron os seguintes:

#### PRIMEIRA PARTE DA PARTE ESPECÍFICA

TEMA 21 : "Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable da Deputación de Pontevedra (II). Recomendacións de deseño de vías e espazos públicos para o fomento da mobilidade amable, a seguridade viaria e a calidade urbana".

TEMA 23: "Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia".

#### SEGUNDA PARTE DA PARTE ESPECÍFICA

TEMA 14: "Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e o seu regulamento. Disposicións xerais".

TEMA 21: "Inundacións e secas. Directiva 2007/60/CE e Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión do risco de inundación. Plan de xestión de risco de inundación. Plans de seca. Caracterización das secas. Medidas de prevención, mitigación, protección e corrección".

#### TERCEIRA PARTE DA PARTE ESPECÍFICA

TEMA 14: "Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (I). A competencia para contratar na Administración. A figura do responsable do contrato. O perfil do contratante. O obxecto do contrato. Orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. As garantías contractuais. O expediente de contratación administrativa. Consultas preliminares do mercado. Inicio e contido do expediente. Aprobación do expediente. Tramitación ordinaria, urxente e de emerxencia. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas".

TEMA 24: "A seguridade viaria: indicadores de seguridade viaria. Últimas cifras e evolución dos principais indicadores. Aspectos da infraestrutura que máis incidencia teñen sobre a seguridade viaria. Auditorías de seguridade viaria".

Se inicia o exame ás 10:58 horas, concluíndo ás 14:55.

Non se producen incidencias na realización da proba.



Sendo as 15:00 levántase a sesión da que se estende a presente acta.

E para que conste aos efectos oportunos esténdese a presente acta no lugar e data que figuran na sinatura electrónica.

*Documento asinado dixitalmente*

*Presidente, Leopoldo Moure Dopico*

*Secretaria, Carmen Miranda Posse*

*Vogais, Eduardo Artime Rial, María del Mar González Estévez, Juan Carlos Peteiro Rodríguez*

